



BANDO

Alberto Romar Landeira, como alcalde do Concello de Santa Comba,

F A G O S A B E R:

A ampliación de horarios de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas por Nadal e no período comprendido entre o 22 de decembro e o 6 de xaneiro, ambos incluídos, é unha competencia municipal, ao abeiro do ORDE do 23 de outubro de 2020 da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta de Galicia, pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas (DOG núm. 219 do 30 de outubro de 2020).

Este alcalde, no decreto núm. 1709/2023, do 18/12/2023, resolveu ampliar en dúas horas os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas no Nadal, durante o período comprendido entre o 22 de decembro e o 6 de xaneiro, ambos incluídos.

Ante as consultas realizadas de se esta ampliación horaria do 6 de xaneiro debe entenderse que esa data se refire a partir das 24:00 horas do día 5 de xaneiro.

A Orde mencionada no aclara convenientemente esta problemática, non é de todo clara nin predicible o que crea unha incerteza que pode traer consecuencias legais dos seus actos así como un dano económico irreparable aos profesionais do sector afectado.

Que, de acordo con todo o mencionado, é polo que veño en ditar esta **ACLARACIÓN:**

1 A Orde do 23 de outubro de 2020 establece claramente que o 6 de xaneiro está entre as datas nas que se pode ampliar o horario e así se aprobou no decreto deste alcalde núm. 1709/2023, do 18/12/2023.

2 Cómpre interpretar polo tanto que os empresarios de establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas poderán abrir e ampliar os horarios durante o 6 de xaneiro, (que rematará o 7 de xaneiro), segundo os horarios que lle permita as licenzas outorgadas e coa ampliación mencionada.

O que fago público para xeral coñecemento.

Santa Comba, 6 de xaneiro de 2024

O alcalde

Alberto Romar Landeira